



**NARÓN**

# CONCELLO DE NARÓN

Espazo reservado para o número de resolución  
Non utilizar

## Datos do Expediente:

|                                      |            |
|--------------------------------------|------------|
| PROCEDEMENTO ABERTO                  |            |
| Unidade Tramitadora:                 |            |
| Contratacion e Obras Publicas - LMTG |            |
| Número expediente:                   | Documento: |
| CON/21/2018                          | CON12I1IO  |
| 0Z3I696Y672I1H5B07ZV                 |            |
|                                      |            |

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o informe proposta emitido polo xefe de sección de Contratación con data 17 de outubro de 2018 en relación co expediente para a contratar a obra denominada **“Ampliación da rede de saneamento na Parroquia de Sedes-Villallonte”**, en cumprimento do disposto no artigo 117 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), no que se establece que:

“Á vista dos seguintes antecedentes:

O proxecto de obras foi aprobado por Resolución da Alcaldía en data 10 de agosto de 2018.

O obxecto deste contrato é dotar de rede de saneamento ás vivendas sitas no Lugar de Villallonte, na Parroquia de Sedes (servizo do que carecen na actualidade), mediante procedemento aberto simplificado, cun orzamento base de licitación de 483.108,91 €.

No expediente consta de informe de necesidade do servizo, incoación do expediente, informe de procedemento, certificado de existencia de crédito e informe sobre o órgano de contratación, prego de cláusulas administrativas e informe do Secretario Xeral sobre o procedemento seguido.

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

A Lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

— *Os artigos 63, 99 a 102, 116, 117, 122, 124 e 131 a 159 e as Disposicións Adicionais Segunda, Terceira e Décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.*

— *O Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.*



— O Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. (Artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio).

Visto canto antecede e de conformidade co informe do Secretario Xeral, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Alcalde de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.”

Por todo o exposto, e unha vez fiscalizado de conformidade a aprobación do expediente polo departamento de Intervención de Fondos con data 25 de outubro de 2018 (IGA12I0G9) esta Alcaldía no exercicio das competencias atribuídas pola Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ven **RESOLVER:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, para a obra “Ampliación da rede de saneamento Parroquia de Sedes-Villallonte”, convocando a súa licitación.

**SEGUNDO.** Aprobar o gasto de 483.108,91 €. correspondente ao presuposto base de licitación, IVE incluído, ao que ascendería este contrato con cargo á aplicación orzamentaria 0018.1600.60900 do orzamento deste Concello para a presente anualidade (RC=220180008218) e código de proxecto número 2018.4.00000.16.

**TERCEIRO.** Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato.

**CUARTO.** Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**QUINTO.** Publicar no perfil de contratante toda a documentación esixida no artigo 63.3 da LCSP. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

**Ante min.**  
**(Dou fe da identidade do asinante)**